

---

# ROSALÍA DE CASTRO

---

Unidade didáctica: Rosalía, escritora e poetisa

(3º/4ºP)



24 DE FEBREIRO DE 2024

**CEIP RAMÓN OTERO PEDRAYO (AMOEIRO)**


**CEIP RAMÓN DE VALENZUELA (BANDEIRA)**



Equipos de  
Dinamización  
da Lingua Galega



XUNTA  
DE GALICIA



Velaquí un mapa de Galicia, o punto vermello sinala a localización de Padrón, a vila onde viviu Rosalía de Castro. Lembras cales son as cidades máis importantes de Galicia?

-----  
-----


Investiga a que distancia se atopa a túa localidade de Padrón


.....  
.....


## BIOGRAFÍA

Rosalía de Castro naceu o 24 de febreiro de 1837 en Santiago de Compostela e pasou unha infancia moi feliz coa súa nai en Padrón. Voltou, xa de moza, a Santiago a estudar



, arte e literatura e alí coñeceu a moitos  galegos. Despois marchou a Madrid onde coñeceu a Manuel Murguía co que casou e tivo sete fillos. Rosalía foi unha escritora e poetisa galega moi importante. O

seu  «Cantares Gallegos» era o primeiro que se escribía, despois de moitos anos, no noso idioma. Para celebrar a publicación deste libro de poemas cada 17 de maio

celebramos o Día das  Galegas e cada 24 de febreiro lembramos que ese día foi o

do nacemento nosa  máis importante: Rosalía de Castro.



ATOPA AS 5 DIFERENZAS ENTRE ESTAS DÚAS IMAXES  
DE ROSALÍA DE CASTRO

## Mais ó que ben quixo un día

Aló nas tardes serenas,  
aló nas tardes caladas,  
fanse máis duras as penas  
que nas brandas alboradas.

Aló nas tardes sombrías,  
aló nas tardes escuras,  
fanse máis cortas as risas,  
máis negras as desventuras.

Que non hai será tranquila  
para quen remorsos garda,  
e máis presto se aniquila  
canto máis á noite agarda.



Actiludis.com

A	C	T	S	W	E	R	D	C	V	B	N	M
C	V	B	N	M	D	Z	X	B	N	V	Q	W
Q	W	E	S	C	U	R	A	S	E	R	T	Y
S	D	F	G	H	R	N	G	H	J	K	L	Ñ
Z	N	E	G	R	A	S	X	C	V	B	N	M
W	E	R	T	Y	S	U	I	O	P	A	S	D
F	G	H	J	K	L	O	Z	X	C	V	B	N
M	Q	W	E	R	T	Y	M	U	I	O	P	A
A	S	D	F	G	H	J	K	B	L	Ñ	Z	X
C	V	B	N	M	Q	W	E	T	R	G	H	J
T	R	A	N	Q	U	I	L	A	N	Í	B	V
Q	W	E	R	T	Y	U	I	O	P	S	A	D
X	C	V	B	N	M	Q	W	E	R	T	H	S

Busca na sopa de  
letras 5 adxectivos  
que aparecen no  
poema.

## LEMBRAS O SIGNIFICADO DE XENTILICIO?

Velaquí algunhas cidades relacionadas coa vida de Rosalía de Castro e do seu marido:

**Elixe a forma correcta do xentilicio:**

SANTIAGO	SANTIAGUÉS	SANTIAGUIÑO
PADRÓN	PADRONÉS	PADRONENSE
MADRID	MADRILEÑO	MADRILENSE
LUGO	LUGUÉS	LUCENSE
A CORUÑA	CORUÑENSE	CORUÑÉS
ESTREMADURA	ESTREMADO	ESTREMEÑO
ALACANTE	ALACANTINO	ALACANTÍN

**SERÍAS QUEN DE COLOCAR AS LOCALIDADES ANTERIORES NO MAPA?**



## UNE O DEBUXO COA SÚA DEFINICIÓN



Representación gráfica dunha parte da Terra, polo xeral nunha superficie plana, onde se describe a súa xeografía ou se localiza un lugar.



Arbusto da familia das cameliáceas orixinario da China e do Xapón, de tronco moi ramificado, follas perennes, moi brillantes pola face, e flores de cor branca, encarnada ou rosada.



Edificio onde se gardan e se expoñen ao público coleccións de obxectos que presentan un interese histórico, artístico, técnico etc.



Persoa que escribe obras científicas ou, sobre todo, literarias.



Espazo de tempo que vai desde o mediodía ata que se fai noite.

**Campanas de Bastabales**, é un fermoso poema de Rosalía de Castro. Coloca as palabras seguintes no oco axeitado.

--	--	--	--	--	--

Tocar,      ferida,      campaniñas,      traidores,      pena,      amores

Campanas de Bastabales,  
cando vos oio .....,  
mórrome de soidades.

Cando vos oio tocar,  
....., campaniñas,  
sin querer torno a chorar.

Cando de lonxe vos oio,  
penso que por min chamades,  
e das entrañas me doio.




Dóime de dor .....,  
que antes tiña vida enteira  
i hoxe teño media vida.

Sólo media me deixaron  
os que de aló me trouxeron,  
os que de aló me roubaron.

Non me roubaron, .....,  
¡ai!, uns amores toliños,  
¡ai!, uns toliños .....



Que os amores xa fuxiron,  
as soidades viñeron...  
De ..... me consumiron.





Rosalía de Castro e o seu marido Manuel Murguía tiveron sete fillos.



Valentina (1.877), Adriano (1.875), Alejandra (1.859), Gala e Ovidio (1.871),  
Aura (1.868) e Amara (1.873).

- Ordena alfabéticamente os nomes dos seus fillos e fillas.

- -----  
-----  
-----

- A continuación, ordena de menor a maior os anos de nacemento de cada un deles.

- -----  
-----  
-----

A **paisaxe** foi un motivo temático ao que fixo referencia Rosalía nos seus escritos.

Le con atención estes versos do poema “*Calade*” (Libro IV de Follas Novas) e identifica os **substantivos** que aparecen nel.

“Calade”

Hai nas ribeiras verdes, hai nas risoñas praias  
e nos penedos ásperos do noso inmenso mar,  
fadas de estrano nome, de encantos non sabidos,  
que só con nós comparten seu prácido folgar.  
Hai entre a sombra amante das nosas carballeiras,  
e das curtiñas frescas no vívido esprendor,  
e no romor das fontes, espritos cariñosos  
que só ós que aquí naceron lles dan falas de amor.

-----  
-----  
-----  
-----  
-----



**ATRÉVETE** a colorear as imaxes e engade algunha máis para ilustrar o poema.

## CURIOSIDADES

Coñecendo un pouco máis a Rosalía de Castro sabías que é a escritora que ten máis rúas co seu nome en España? No ano 2010 había 289 rúas!!!

Como gran amante de Galicia foi unha gran defensora da natureza e, no seu libro **“En las orillas del Sar”**, fai unha dura crítica á tala dos montes.

Unha das árbores que mencionaba moito nos seus escritos era o carballo chegando a defender un que, a día de hoxe, está considerado a árbore galega da liberdade **“O carballo do Banquete de Conxo”**, preto de Santiago de Compostela. Esta árbore ten máis de 250 anos.



- Calcula cantos lustros, décadas e séculos ten esta árbore tan antiga.



1 lustro son.....

1 década son.....

1 século son.....

Polo tanto esta árbore ten.....lustros, .....décadas e .....séculos.

RESOLVE O ENCRUCILLADO CON PALABRAS QUE APARECEN NO POEMA

### Un repoludo gaiteiro

(*Follas Novas*)

Un repoludo gaiteiro  
De pano sedán vestido,  
Como un príncipe cumprido,  
Cariñoso e falanguero,  
Entre os mozos o primeiro  
E nas soedades sen par,  
Tiña costume en cantar  
Aló pola mañanciña:  
Con esta niña gaitiña  
Ás nenas hei de enganar.




#### HORIZONTAIS

- 1.- que é groso e forte.
- 4.- interpretar unha peza musical
- 6.- que vai antes.

#### VERTICAIS:

- 2.- que supera a infancia pero aínda non é adulto.
- 3.- fillo de rei.
- 5.- persoa moi sociable e faladora.



## Solucións:

### **Diferenzas** (páx.4)

Labio pintado, falta un anaco de folla, falta un debuxo do vestido, hai unha raia no puño da camisa, raias no pescozo.

### **Sopa de letras** (páx.5)

Tranquila, negras, escuras, sombrías, duras.

### **Xentilicios** (páx.6)

Santiagoés, padronense, madrileño, lucense, coruñés, estremeño, alacantino.

### **Poema** (páx.8)

Tocar, campaniñas, ferida, traidores, pena, amores.

### **Orde alfabético** (páx.9)

Adriano, Alejandro, Amara, Aura, Gala, Ovidio, Valentina.

De menor a maior:

1.859<1.868<1.871<1.873<1.875<1.877

### **Substantivos** (páx.10)

Ribeiras, praias, penedos, mar, fadas, nome, encantos, folgar, sombra, carballeiras, curtiñas, esprendor, romor, fontes, espíritos, falas, amor.

### **Árbore** (páx.11)

1 lustro: 5 anos, 1 década: 10 anos, 1 século: 100 anos

A árbore ten: 2 séculos, 25 décadas e 50 lustros.

### **Encrucillado:** (páx.12)

Horizontais:    Verticais:

1.- repolludo    2.- mozo

4.- cantar        3.- príncipe

6.- primeiro    5.- falangueiro